

## XORNADAS SOBRE A PROMOCIÓN DO VOLUNTARIADO

Vigo, 11 e 12 de xuño de 2002

Isabel Castiñeiras Bouzas

Avogada

*Mudam-se os tempos, mudam-se as vontades,  
Muda-se o ser, muda-se a confiança;  
Todo o mundo é composto de mudança,  
Tomando sempre novas qualidades*  
Luís de Camões

○ voluntariado é unha forma de participación da sociedade na atención das necesidades. Como forma de participación social preténdese o seu recoñecemento, promovendo e impulsando este voluntariado formal, cun respecto escrupuloso cara á liberdade dos cidadáns para constituír entidades que teñan unha finalidade de atención voluntaria das necesidades da sociedade, desligando estas situacións de calquera forma de servizos retribuídos, e regulando a relación entre as persoas voluntarias e a organización a través dun cadro de dereitos e de deberes que implica esta relación.

Nun futuro próximo, o voluntariado debe chegar a ser asunto de todos e para todos. Búscase servir, solidariamente, a xentes novas e anciás, en países en vías de desenvolvemento ou no seo dos países máis ricos que estean marxinados polo desemprego e pola conseguinte pobreza na súa condición de minorías, inmigrantes ou discapacitados. As necesidades son múltiples e van desde a atención á saúde, á nutrición, á educación e á for-

mación profesional ata, incluso, á seguridade. A acción do voluntariado nestes eidos, en cooperación co sector público ou privado, segundo os casos, ten que responder sempre a unha coherencia cos valores éticos declarados e en harmonía cos dereitos humanos universalmente proclamados, os cales implican non menos deberes ou obrigacións que o voluntariado fai seus a xeito de vangarda do urxente cambio de actitude imprescindible nesta materia.

Nunca como agora é, polo tanto, tan imprescindible unha visión global, interdisciplinaria e a longo prazo na que prevezan os valores éticos, se aseguren os dereitos humanos e se exerza a solidariedade tal e como o practica, de feito e por excelencia, o voluntariado.

Estas xornadas foron organizadas co obxectivo fundamental de informar sobre as principais liñas de actuación do voluntariado da Comunidade autónoma de Galicia e de dar a coñecer o recentemente aprobado Plan galego de voluntariado, así como o rexistro das entidades de acción voluntaria e a web do voluntariado. Tamén que os responsables de entidades de acción voluntaria se impliquen activamente no desenvolvemento da acción voluntaria en Galicia e que os cidadáns, en xeral, coñezan os mecanismos de acceso aos programas de acción voluntaria.

\* \* \* \* \*

Estas xornadas tiveron lugar no salón de actos do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo e contaron cunha nutrida asistencia. Foron organizadas pola Escola Galega de Administración Pública en colaboración coa Consellaría de Asuntos Sociais.

Inaugurou estas xornadas o director da Escola Galega de Administración Pública e catedrático de dereito civil, **Domingo Bello Janeiro**, quen contou para isto coa inestimable presenza da conselleira de Asuntos Sociais, **Corina Porro Martínez**.

Domingo Bello afirmou que é fundamental o fomento da participación da sociedade civil no voluntariado. Nunha sociedade cada vez máis globalizada e cada vez máis caracterizada por institucións e asociacións nas que os cidadáns toman libremente as decisións que lles concirnen e con capacidade para xestionar con responsabilidade os asuntos comúns e participar na definición das políticas xerais, a acción voluntaria ten un especial significado e importancia.

Neste contexto, a acción voluntaria, organizada como parte do dereito fundamental de libre asociación, representa unha vía fundamental para a participación da cidadanía. No ámbito do noso marco xurídico, o Estatuto de autonomía reconécelle as competencias á nosa Comunidade autónoma e, en desenvolvemento deste, aprobouse o 22 de decembro de 2000 unha importante Lei de voluntariado de Galicia (Lei 3/2000) que parte

dos principios fundamentais que presiden a acción voluntaria: a corresponsabilidade entre os poderes públicos e os cidadáns; a solidariedade; a liberdade dos cidadáns e a autonomía das entidades do voluntariado, compatibles ambas as dúas coa regulación das súas relacións.

Opera unha regulación ampla da acción voluntaria na que se recollen as áreas de interese xeral, obxecto da actuación voluntaria, ditando unhas normas comúns de aplicación a todas as entidades do voluntariado dependentes das administracións públicas e do terceiro sector, que permitan unha coordinación e planificación que lles afecta, dentro da Xunta de Galicia, ás distintas consellarías que teñen competencia neste ámbito, así como á Administración autonómica, ás administracións locais e ao terceiro sector. Este é o marco no que se sitúa o Plan do voluntariado en Galicia.

Por iso, a Xunta de Galicia ao aprobar o Plan do voluntariado fai unha proposta decidida por crear unha cultura da solidariedade e un traballo en rede desde o nivel local máis próximo á poboación ata o autonómico. Ao mesmo tempo, apoia ás entidades do voluntariado ao considerar que a multiplicidade dos axentes que operan nelas, o seu carácter innovador, a súa capacidade para aglutinar recursos e a súa crecente eficacia para asignalos efectivamente lles confire un gran potencial para medrar na súa actividade e para crear postos de traballo, directos e indirectos, tal e como se fixo nos últimos anos, cunha taxa superior á media da economía da Unión Europea.

A conselleira Corina Porro afirmou que a promoción da acción voluntaria é unha actividade que nos compromete a todos e desde esa perspectiva estas xornadas son un indicador do carácter multiplicador da coordinación dos esforzos.

No ámbito da solidariedade cada institución pode achegar aquela actividade que constitúe o seu quefacer diario e, así, entre todos, as administracións públicas e a sociedade civil seremos quen de construír un mundo máis habitable e tolerante que é, nomeadamente, a razón de ser da acción voluntaria.

A Lei galega do voluntariado atribúelle a xestión das competencias da Xunta de Galicia na materia ao Servizo Galego de Voluntariado, que forma parte da propia Consellaría de Asuntos Sociais. Desde este nivel de competencias elaborouse o Plan de voluntariado de Galicia 2002-2005. O seu contido vai ser obxecto de presentación nestas xornadas. A súa finalidade é a de coordinar as actuacións que en materia de acción voluntaria leven a cabo os distintos departamentos da Xunta de Galicia e posibilitar que as entidades locais e asociacións non lucrativas que o desexen integren nel os seus programas. Así, con este motivo, incorporáronse ao Plan os programas sectoriais de voluntariado de 15 centros directivos da Xunta de Galicia, 111 concellos, as deputacións provinciais, así como 60 organiza-



cións non lucrativas das que 17 son federacións ou confederacións autonómicas.

O primeiro dos temas que se tratou nestas xornadas foi o dos programas municipais de voluntariado das grandes cidades. Para falar desta cuestión estiveron **Elvira Cerdeiriña Vázquez**, responsable do voluntariado social do concello de Santiago de Compostela, e **Xosé Lois Cea Nogueira**, coordinador de benestar social do concello de Vigo.

**Elvira Cerdeiriña Vázquez** salientou que en Santiago non existe unha oficina de voluntariado, senón que se pretende xerar unha estrutura sen base. A súa base é a coordinación non só interdepartamental do concello, senón tamén interinstitucional baseada nas achegas da poboación, da xente, das organizacións e dos profesionais, sen ser tanto un lugar, senón máis ben unha experiencia. En Santiago existe un programa chamado *Compostela Solidaria*, que é un plan global de promoción do voluntariado, promovido desde os servizos sociais do concello do Santiago e coa participación das organizacións de voluntarios cara ao desenvolvemento dun dos obxectivos da Lei de servizos sociais que é, precisamente, a mellora da cooperación e da solidariedade.

Esta relatora destacou que o concello é como a plataforma onde as organizacións, as persoas e os profesionais poden acudir e desenvolver as súas iniciativas. Os obxectivos deste plan global son cinco:

- 1º. promover a participación cidadá no eido dos servizos sociais.
- 2º. potenciar a rede de organizacións voluntarias, o traballo en rede.
- 3º. acadar unha maior coordinación nas actuacións locais, non só nas interdepartamentais do propio concello, senón tamén nas interinstitucionais e con outras administracións como son o Servizo Galego de Voluntariado, a Administración autonómica, etc.
- 4º. facilitar o desenvolvemento dun traballo voluntario responsable.
- 5º. elaborar un plan integral con programas que posibiliten, desde a coordinación, potenciar as intervencións naqueles ámbitos, as problemáticas, os sectores de poboación ou as zonas máis deficitarias, no senso de que, ás veces, hai moitos programas dedicados aos temas de menores, discapacitados, etc., pero hai poucos dedicados aos maiores, ao medio natural, etc.

Non se trata só de chegar aos sectores máis desfavorecidos senón tamén de rendibilizar os recursos porque, ás veces, os recursos non son moitos e se están escasamente distribuídos aínda parecen menos, é dicir, non se fan rendibles.

Este plan global ofrece poñer á disposición das organizacións de voluntarios, en primeiro lugar, pero tamén de calquera persoa, profesional,

institución e interesado no tema, un soporte estable que se artella en tres dispositivos básicos: o apoio técnico, a formación e o centro de recursos. O apoio técnico é un servizo de apoio que se centra na información e no asesoramento sobre os recursos sociais, as cuestións xurídicas, o asociacionismo, a elaboración de proxectos, a avaliación das actividades, a solicitude de subvencións, etc. Tamén a supervisión, o seguimento e o apoio psicosocial dos voluntarios e das organizacións no desempeño das súas actividades. No ámbito da formación tamén se trata de establecer programas regrados e actividades puntuais, é dicir, dous tipos de formación; por unha banda, unha formación estable, concibida coma un proceso permanente e diversificado (cursos iniciais para os voluntarios de base), e, por outra banda, debemos destacar tamén as actividades formativas dirixidas, basicamente, aos profesionais, aos mediadores sociais, aos coordinadores de programas, aos responsables de organizacións, etc. Tamén se ofrece un centro de recursos no que se pretende ter un fondo documental, un foro de análise, de reflexión e de debate, e un gabinete de estudos e iniciativas para elaborar guías e outros materiais didácticos, para promover campañas de sensibilización, etc. Xa para rematar, afirmou que poden participar tanto as organizacións coma os profesionais, os estudantes ou os voluntarios individuais, integrándose no Consello de Servizos Sociais.

Pola súa banda, Xosé Lois Cea Nogueira salientou que na actualidade o voluntariado é un axente de progreso que nace da participación dos cidadáns e que ten como finalidade a promoción da solidariedade e o aumento da calidade de vida. O voluntariado supón o paso dunha sociedade asistida a unha sociedade activa, por iso é necesaria a coordinación, a xestión e a organización dese potencial humano, un potencial que pode e debe ser responsable, con espírito de servizo e compromiso cara aos demais. Así mesmo, destacou a importancia de que o voluntariado teña unha autonomía respecto dos contextos sociais e políticos, que complemente o que fai a administración desde a súa identidade específica (non que faga o mesmo), que permita consolidar a sociedade civil, sen diminuír ou debilitar o papel do Estado, manifestar tanto o consenso coma o «disentimento» no afrontamento da realidade e que permita, tamén, a cultura participativa (de todas as entidades de voluntariado) e non a corporativa (só das grandes). Ademais, fixo especial fincapé na necesidade de que todas as organizacións de voluntariado asuman a necesidade de formar os voluntarios e desenvolver itinerarios educativos singularizados, contando para iso cos recursos técnicos e humanos axeitados.

Polo que atinxe ao voluntariado na cidade de Vigo, este relator salientou que, actualmente, existe unha dispersión de accións e de entidades que dificulta que este sector se coordine e organice axeitadamente. Desde o concello de Vigo quérese mellorar o estado asociativo da cidade, xa que



nela conviven, actualmente, un conxunto moi rico e heteroxéneo de asociacións, pero tamén moi disperso e desigual polo que se refire á identidade, ás actividades, á influencia social, aos niveis de participación, etc. Tamén pretende que se mellore a metodoloxía da intervención e do traballo partindo da elaboración de proxectos interesantes e variados. Quere colaborar na coordinación entre as asociacións, os colectivos ou as redes sociais que traballen no mesmo ámbito, asegurando así unha óptima utilización dos recursos. Este concello conta cun rico escenario asociativo xa que hai máis de 750 organizacións inscritas no rexistro municipal da Concellaría de Participación Cidadá.

En Vigo contan co Plan municipal de voluntariado. Para a redacción deste plan foi necesario facer unha diagnose da acción voluntaria na cidade de Vigo e, así, leváronse a cabo dous estudos na cidade, *Voluntarios por Vigo*, que foi un traballo de investigación desenvolvido no segundo semestre do ano 2000 ao abeiro do programa de cooperación entre o concello de Vigo e a Xunta de Galicia para o fomento do emprego e que serviu para plasmar a realidade actual do voluntariado que nace e crece no seo das asociacións, dos colectivos e das ONG's da cidade, que teñen voluntarios ou se dedican a temas de voluntariado; e *Valoración das necesidades de voluntariado na cidade de Vigo*, feito no ano 2001, tamén ao abeiro dos programas de cooperación anteriormente citados, partindo dun estudo nos distintos servizos municipais, hospitais, centros de saúde mental, residencias da terceira idade, institucións penitenciarias, menores e asociacións da cidade. Neste, faise unha diagnose das necesidades do voluntariado que non están suficientemente cubertas por outras entidades non lucrativas, co obxectivo de facer un deseño de proxectos desde o propio concello que se axuste ás carencias atopadas.

Con estes antecedentes, o Plan municipal de voluntariado nace coa vocación de ser un proxecto de futuro inmediato e un plan estratéxico da cidade porque pode axudar a construír un modelo equilibrado de municipio no que se combine o crecemento económico, a transformación urbana, a cohesión social e a participación cidadá. O concello pretende ofrecer os seus servizos e recursos no marco dun plan ben delimitado, para que o mundo do voluntariado municipal poida cumprir cada vez mellor os seus propios fins.

O obxectivo xeral deste plan é darlle pulo ao voluntariado na cidade de Vigo e incentivar a cultura da solidariedade como factor de desenvolvemento sociocultural e comunitario. Crear cidadanía ou aumentar o sentido de identidade e de pertenza da veciñanza co seu municipio, potenciando a participación cidadá e o gusto por colaborar en tarefas en beneficio da comunidade.

Os obxectivos específicos deste plan son a creación da Oficina Municipal de Voluntariado e transformar, no prazo máximo de tres ano, o Plan

municipal de voluntariado nun plan local de cidade consensuado co resto das entidades de acción voluntaria, que lidere unha estrutura asociativa sólida na que teñan cabida todos os axentes sociais da cidade con vínculos na acción voluntaria.

O Plan municipal de voluntariado vaise artellar sobre unhas liñas estratéxicas de actuación, que basicamente son tres:

- 1ª. A creación da Oficina Municipal de Voluntariado e a súa integración e afianzamento dentro da estrutura orgánica municipal.
- 2ª. A elaboración dunha oferta formativa ou plan de formación para executar nos anos 2002/2003, co obxectivo de facilitarlles ás entidades de acción voluntaria e aos voluntarios a formación e a asistencia técnica en torno á xestión e á metodoloxía da acción voluntaria.
- 3ª. Darlle pulo á coordinación das entidades, co obxectivo da consecución a curto e medio prazo dunha estrutura de traballo en rede.

Para levar todo isto a cabo, contan cos recursos propios da Oficina Municipal de Voluntariado e cos recursos específicos que acheguen os distintos servizos municipais que se involucren na acción voluntaria; tamén contan cos recursos achegados polo Plan galego do voluntariado e con recursos externos que poidan xurdir no desenvolvemento do Plan municipal (acordos coas entidades financeiras, cos patrocinios, etc).

O segundo relatorio desta mañá leva por título «Os programas municipais de concellos rurais» e foi exposto por **Victoria Varela Rodríguez**, traballadora social do concello de Brión. Esta relatora destacou que o proxecto de desenvolvemento comunitario chamado *Brión, xente de vontade* se integra como parte dun programa máis amplo que se chama REDEVOL (Rede de Voluntariado Local). REDEVOL xorde no ano 1996 como un programa de investigación práctica sobre a implantación do voluntariado social nos concellos rurais e semiurbanos de Galicia, respostando á carencia dunha estrutura de voluntariado estable e organizado e á dificultade de acadar a súa implantación no medio rural e semiurbano.

En REDEVOL participa a iniciativa privada a través da Fundación Pai-deia da Coruña, como entidade promotora do proxecto que asume o liderado e tamén parte do financiamento deste e da Administración autonómica que fai convenios coa propia Fundación para o cofinanciamento do proxecto. Así mesmo, participa tamén a Administración local, xa que o proxecto non se podería levar a cabo sen a participación dos concellos. Na actualidade a rede está formada por un total de 8 municipios: Boiro, Boqueixón, Brión, Dodro, Padrón, A Pobra do Caramiñal, Rois e Ribeira.

Esta confluencia de vontades (iniciativa privada, Administración autonómica e Administración local) posibilita a materialización do proxecto a través do cofinanciamento e da corresponsabilidade na acción.



A dirección e a coordinación técnica do proxecto asúmeas a Fundación Paideia, mentres que a programación particular e a xestión de cada unha das oficinas municipais recae sobre cada un dos concellos.

Inicialmente, a actividade do proxecto ía encamiñada á cooperación dos voluntarios nos programas de servizos sociais de atención primaria dos concellos, razón pola que as oficinas se adscribiron a estes departamentos e os traballadores sociais asumiron a responsabilidade a nivel municipal.

A xestión municipal lévase a cabo a través do traballo coordinado dun equipo técnico formado por un traballador social, un técnico de voluntariado, un A.D.L., un animador sociocultural, un educador familiar e, cada vez máis, a representación dos propios voluntarios, das coordinadoras dos grupos formalmente constituídos e das asociacións con asento na zona.

A figura dos técnicos de voluntariado é fundamental para o desenvolvemento do proxecto, xa que é quen congrega arredor seu aos membros do equipo e quen mantén a relación ou a conexión tanto dos concellos que integran a rede entre si coma destes coa Fundación e coa Administración autonómica. Ademais, o técnico é o que leva a cabo co resto do equipo o estudo das necesidades, planifica, programa, artella a formación dos voluntarios e reúne os axentes interesados (iniciativa privada, administracións, poboación e voluntarios).

O fin último de REDEVOL é acadar unha cidadanía organizada, participativa, responsable e solidaria na detección e loita contra as necesidades sociais. O obxectivo de cada unha das oficinas municipais é a creación dun grupo estable e vivo de voluntarios involucrados en proxectos que chamaremos de desenvolvemento local.

A metodoloxía de traballo para a implantación do proxecto pasa pola adopción da estratexia de «traballo en rede» porque posibilita a ampliación do grupo coa incorporación de novos axentes (concellos), crea sinerxías entre os participantes e promove o intercambio e a transferencia das experiencias.

Tamén se realiza unha análise previa no contorno do proxecto, DAFO, que se levou a cabo de xeito simultáneo en todos os concellos e por parte dos axentes propios de cada territorio e a elaboración dunha *Guía do proxecto* empregando un cadro lóxico para a secuencia de accións (información, captación, formación, programación, implantación, avaliación, etc.).

REDEVOL materialízase en Brión no proxecto *Brión, xente de vontade*, que ten como obxectivo formar un grupo organizado de voluntarios que colaboren de xeito continuado e estable xa non en actividades de servizos sociais, senón na programación e na execución de proxectos de desenvolvemento comunitario, converténdose nos axentes provocadores da participación cidadá e do cambio.



O programa de actividades da Oficina Municipal do Voluntariado para o que se conta coa colaboración dos voluntarios, das asociacións e das agrupacións son, entre outras, o apoio familiar, o apoio á integración escolar e sociofamiliar, os campamentos, o club infantil de lecer, a promoción e a explotación de rotas de sendeirismo e o programa de defensa da natureza, o programa de lecer con discapacitados, o programa de acompañamento hospitalario para maiores, etc.

Desde a súa experiencia, esta relatora salientou que é imprescindible a presenza no eido local de técnicos dedicados á dinamización tanto dos grupos asociativos coma das persoas individuais que desexen vencellarse ás accións voluntarias. Estes técnicos desenvolverán a súa función de xeito profesional, levando a cabo os labores de concienciación, captación, programación, formación e apoio aos voluntarios e ás asociacións.

O territorio local é a vía de acceso máis lóxica para a resolución da maior parte das eivas e das carencias de grupos e de persoas e a máis axeitada para a promoción da participación cidadá, tanto na vida política coma social e cultural dun pobo.

Por outra banda, afirmou que é necesario o apoio da Administración autonómica para achegarlles a información aos cidadáns, levar a cabo accións globais de promoción, concienciación e formación, recoñecer o labor dos voluntarios, das agrupacións e das asociacións nas que estes se integren e apoiar económica e tecnicamente tanto as agrupacións coma as institucións seriamente implicadas nesta aventura.

As xornadas reiniciáronse ás catro e media da tarde co relatorio de **Filomena Bordalo**, responsable de «Interreg III» da Cruz Vermella portuguesa, «O proxecto Interreg III de implantación do voluntariado nos concellos fronteirizos con Portugal». Filomena destacou que o cadro xurídico portugués definiu as bases do voluntariado a través da Lei 71/98, do 3 de novembro, que se regulamentou o 20 de setembro do ano seguinte. Esta Lei establece as bases do encadramento xurídico do voluntariado: define os conceptos de voluntariado e de acción voluntaria; clarifica cales son as organizacións que poden ser consideradas promotoras de accións de voluntariado e as relacións entre estas e os voluntarios; define os principios reitores do voluntariado e os dereitos e deberes do voluntario.

A regulamentación desta lei esclarece a emisión da carta de identificación do voluntario, a acreditación e a certificación do traballo voluntario; o encadramento no réxime de seguro social voluntario; as condicións para o voluntario empregado; a protección do voluntariado no caso de accidente ou enfermidade sufrida ou contraída no exercicio do traballo voluntario; e crea o Consello Nacional para a Promoción do Voluntariado.

Este consello nacional ten como función primordial a de desenvolver as accións indispensables para a promoción, a coordinación e a cualificación do voluntariado. Está constituído por 21 membros representativos

das entidades públicas e privadas con intervención nos distintos eidos da actividade voluntaria. A Cruz Vermella portuguesa, recoñecida como unha institución humanitaria de carácter voluntario está representada neste consello nacional.

Esta relatora salientou que vivimos nunha sociedade na que as transformacións demográficas (maior esperanza de vida, baixa natalidade) se asocian a alteracións económicas e laborais; nunha sociedade que necesita que sexan fomentados valores como a amizade, o amor, a solidariedade, a participación e a responsabilidade; nunha sociedade cada vez máis complexa, esixíndolles as respostas axeitadas aos novos desafíos; nunha sociedade que premia o *ter* en detrimento do *ser*; nunha sociedade en cambio.

Neste contexto de cambio e de novas calidades, o voluntariado debe impoñer o seu valor económico, cívico e político, sabendo *ser, estar e facer*, porque onde hai un gran voluntariado sempre haberá milagres.

A forza do voluntariado pode ser semellante ás finísimas raíces que, rompendo polas fendas do mundo, fará anacos os máis pesados monumentos da soidade, da inxustiza e da falta de amor.

O voluntario é, segundo a definición dispoñible, todo individuo que, de xeito libre, desinteresado e responsable, se compromete, de acordo coas súas aptitudes propias e no seu tempo libre, a realizar accións de voluntariado no ámbito dunha organización promotora. Estamos, pois, ante un concepto que supón a dispoñibilidade, a responsabilidade e o compromiso e, tamén, a competencia, a formación e a participación en accións no ámbito dunha organización promotora.

Esta relatora destacou dúas calidades do voluntariado: o compromiso e a participación.

**COMPROMISO.** Entendido como a asunción dunha responsabilidade. De feito, o voluntariado asume un compromiso tripla: consigo mesmo, cos outros e coa organización promotora.

*Compromiso consigo mesmo:* ser voluntario é un acto de vontade, un acto consciente que ten a súa orixe nuns principios e nunhas conviccións e que, supoñendo un ideal, imprime sentido á vida. De feito, ninguén axuda aos demais sen axudarse a si mesmo.

*Compromiso cos outros:* a acción voluntaria ten sempre destinatarios: os nenos, os anciáns, os doentes, os mozos, as vítimas de calamidades, etc. O compromiso co esforzo de adquirir novas capacidades e competencias para axudar mellor aos outros e o compromiso, tamén, co coñecemento do medio no que a súa acción se desenvolve.

*Compromiso coa organización promotora:* o voluntario exerce a súa acción integrándose en proxectos desenvolvidos polas organizacións que teñen uns obxectivos específicos, teñen as súas propias normas de funcionamento e os seus propios equipos de traballadores técnicos e non técnicos.



O compromiso que o voluntario asume perante a organización promotora consiste en respectar os principios e os regulamentos da organización, en establecer relacións persoais e de traballo con outros voluntarios e traballadores.

**PARTICIPACIÓN.** A acción voluntaria é un acto de participación cívica en canto expresión dos deberes de solidariedade. A participación tamén supón tomar parte nas decisións da organización promotora, na elaboración e na definición dos proxectos, dos programas e da filosofía de intervención, cooperar nos equipos de voluntarios, ter voz nas avaliacións dos proxectos e participar na formación, na busca de solucións aos problemas e na mobilización doutros voluntarios.

Neste contexto e presupoñendo estes valores, a Cruz Vermella portuguesa e a Cruz Vermella española (Galicia), coa Xunta de Galicia, tentan desenvolver un proxecto piloto de investigación aplicada e de implantación do voluntariado nos concellos fronteirizos de Galicia e de Portugal. Téntase, así, desenvolver un programa transfronteirizo de fomento e fortalecemento do voluntariado a través da creación dunha rede de malla fina entre as entidades administrativas locais e/ou rexionais e as institucións de iniciativa social de base local e/ou rexional.

Será un proxecto de investigación aplicada presupoñendo a contratación dun técnico dentro de cada concello ou asociación de concellos e a corresponsabilidade entre as institucións participantes, é dicir, as administracións rexionais, as administracións locais do norte de Portugal e de Galicia e as organizacións de iniciativa social de base local e/ou rexional. O desenvolvemento do traballo en rede é unha das condicións para o desenvolvemento deste proxecto.

Con este proxecto preténdense conseguir os seguintes obxectivos:

- 1º. Experimentar unha metodoloxía de programación participativa e unha estratexia de traballo en rede, descentralizado, que sexa válido para a elaboración de programas que teñan como ingrediente a acción voluntaria en contextos comparables (zonas rurais e semiurbanas extensas e dispersas de ambas as dúas rexións).
- 2º. Crear un material básico que poida servir de guía na elaboración de proxectos locais de voluntariado.
- 3º. Sensibilizar as autoridades, os medios de comunicación e os cidadáns sobre os dereitos e deberes cívicos.
- 4º. Crear un grupo de voluntarios en cada un dos concellos participantes no proxecto que realicen accións voluntarias nos ámbitos social, cultural, deportivo, de preservación do medio natural, etc.
- 5º. Contribuír na especialización de profesionais e na formación de técnicos en programación, en coordinación e na execución de proxectos de voluntariado.



6º. Desenvolver accións de formación para voluntarios. A formación, polo que atinxe aos técnicos, será desenvolvida pola Escola Galega de Administración Pública e, polo que respecta aos voluntarios, impartirase pola Cruz Vermella portuguesa e española.

A metodoloxía a seguir no desenvolvemento deste proxecto utilizará como estratexia a «rede» como unha forma flexible que permite potenciar os intercambios, crear sinerxías entre os participantes e favorecer as actitudes e os mecanismos de adaptación aos cambios sociais. Isto facilitará futuras ampliacións do núcleo inicial do proxecto.

Tamén se utilizarán instrumentos de planificación estratéxica; isto é, a partir da experiencia e das contribucións dos técnicos e entidades implicadas, manteranse reunións de traballo cos propios voluntarios no sentido de obter programas operativos e conseguir, ao mesmo tempo, a adhesión da poboación. Estas actuacións complementáanse con información, con formación e con soportes xurídicos e técnicos sobre os temas que se abordan.

Para a execución do proxecto téntase formalizar convenios de colaboración entre as entidades participantes que financiaron a contratación dun técnico para o impulso e a coordinación do proxecto no ámbito das intervencións sociais de base local.

A avaliación será continua, con accións de avaliación interna e externa que, neste caso, levará consigo a adopción das modificacións e dos axustes nos obxectivos e nos métodos.

**Santiago González Avión**, coordinador do Secretariado xitano de Galicia, referiuse no seguinte relatorio ao «Voluntariado nas organizacións non lucrativas». Este relator salientou que o voluntariado social, por definición, ten a súa orixe nas organizacións non gobernamentais. Se ben é certo que non existe unanimidade na consideración do terceiro sector nin na súa nomenclatura, este fai referencia á dobre condición de exclusión dos dous sectores considerados básicos (o Estado e o Mercado), pero tamén na consideración de alternativa, de novidade e de posibilidade. Porén, o terceiro sector é un termo moi pouco claro, mentres que «organización non gobernamental» é un termo máis coñecido nos últimos tempos, pero que non recolle as formas de organizacións propiamente empresariais que, así e todo, non perseguen o lucro como o resto das organizacións de mercado. Tamén resulta problemático o vocábulo «organización non lucrativa».

Concibir o voluntariado como un exercicio da cidadanía é o elemento básico para propoñelo como artellador de valores comúns e, cando menos, desexables polo conxunto da sociedade. Do contrario, cada proposta de valores está sometida ás opinións de cada grupo, e non beneficiarían, necesariamente, ao conxunto social; nin sequera a chamada á

solidariedade, á personalización ou á atención aos excluídos é suficiente para garantir ese marco máis neutral e universalizable que é a cidadanía. Por suposto, estamos a falar da cidadanía nunha tripla dimensión:

1º. A cidadanía como condición xurídica efectiva, núcleo da apropiación persoal de dereitos e deberes.

2º. A cidadanía como conxunto de valores das persoas dun determinado territorio, con independencia da súa nacionalidade.

3º. A cidadanía como conxunto de valores e de normas universais como consecuencia da aplicación da Declaración universal dos dereitos humanos e doutras declaracións consecuentes con esta, así como os mecanismos xurídicos existentes tanto a nivel nacional coma internacional para garantir ese conxunto de dereitos e obrigas.

Estas tres dimensións da cidadanía están intimamente vencelladas, de xeito que resulta difícil teoricamente (na praxe e nos discursos políticos extremistas é outra cousa) da dimensión ética nacional ou da dimensión ética planetaria, acolléndose, en exclusiva, ao conxunto de dereitos e deberes normativizados e sancionados, do mesmo xeito que resulta inaceptable a prédica sobre a discriminación na reclamación unilateral dos dereitos ou na existencia unilateral dos deberes de calquera dos actores que integran unha determinada comunidade política.

Nese contexto, ao mesmo tempo seguro e ético, local e universal, o voluntariado presenta con máis fondura e radicalidade a súa verdadeira natureza, centrada na solidariedade, na personalización e na participación.

**PARTICIPACIÓN.** Unifica a perspectiva da corresponsabilidade entre os axentes sociais (Estado, Mercado e, particularmente, terceiro sector e organizacións non lucrativas) e as persoas e colectivos en situación de vulnerabilidade e de exclusión social. Por suposto, o grao de participación social é diferente en cada caso. O Estado resulta posibilitador da participación política; o Mercado, sobre todo, permite a participación económica e o terceiro sector é o lugar da participación social voluntaria.

Pero iso non implica que a pretensión do terceiro sector non sexa consecuente coa pretensión da participación política (dereitos e deberes), económica (traballo e salario) e social (cultura e lecer) das persoas máis fráxiles ou privadas de certas formas de participación.

O voluntariado aparece como unha forma dinámica de participación que non só vai recreando constantemente a sociedade, senón tamén, o mundo vital das organizacións non lucrativas.

**PERSONALIZACIÓN.** En primeiro lugar, debemos poñer de manifesto que o voluntariado existe e traballa porque existen necesidades sociais que escapan á lóxica da universalización e á lóxica do mercado, pero que obedecen ás necesidades máis íntimas da persoa, que afunden as súas raíces na relación da persoa consigo mesma, coa súa corporeidade e coa súa per-



sonalidade, co seu pasado e co seu contorno afectivo inmediato e que configuran a súa imaxe social e as súas posibilidades reais. Por iso, a lóxica do voluntariado pide ocuparse primeiro da persoa.

En segundo lugar, a atención directa ás persoas é a que xustifica o papel das organizacións non lucrativas, diferenciado da lóxica da universalización e, tamén, da lóxica da distribución por asignación eficiente dos recursos. As organizacións non lucrativas, as organizacións do terceiro sector deben atender dun xeito particular a non privatizar servizos de carácter xeral, aqueles que supoñen unha neutralidade non só relixiosa ou política, senón tamén ideolóxica, así como non invadir eidos susceptibles de ser atendidos desde a creación e a distribución da riqueza en condicións de mercado.

En terceiro lugar, convén desenvolver estratexias específicas de atención á persoa, ao interno das propias organizacións non lucrativas. Consiste, como no caso da participación, en obrar consonte ao principio de coherencia. Isto non está orientado a evitar os casos de autoritarismo, de dirixismo ou de desresponsabilización por parte do voluntariado respecto da marcha da entidade na que desenvolve o seu papel, nin, neste caso concreto, a evitar a sensación da falta de atención á persoa e de considerar as súas necesidades máis básicas: afecto, sentirse escoitada, formar parte dun grupo, etc.

**CALIDADE.** Se atendemos ás necesidades de participación e personalización e o facemos cunha lóxica coherente, daquela, está asegurada unha parte importante da calidade na acción voluntaria, pero non é suficiente. Deben existir procedementos comúns para os casos semellantes, para evitar discriminacións ou unha variación substancial no alcance e no talante das accións dependendo das persoas que as realicen. Iso podería dar lugar a discriminacións ou a tratos pouco axeitados. Pola contra, a procedementalización, aínda que teña unha relación moi directa coa profesionalización e mesmo coa burocratización das organizacións non lucrativas, é unha necesidade para dotar de criterios de calidade a acción. Hai que darlles aos cartos o mellor uso posible e iso implica unha austeridade probada, ou unha xestión transparente dos fondos, tanto dos de procedencia pública coma das doazóns voluntarias da cidadanía en xeral. Isto supón, ao mesmo tempo, a necesidade de aplicar criterios de eficiencia tanto nos investimentos coma nos gastos, e mesmo na xestión do tempo e dos recursos humanos. A eficiencia debe levar a cabo unha conxunción dos elementos de gasto, de aforro e de investimento en chave de capitalización e non só de adquisición dun capital financeiro, senón tamén do patrimonio social e do coñecemento.

**SOLIDARIEDADE.** É o valor fundador do terceiro sector, do voluntariado social e das organizacións non lucrativas; valor que se converte nun dos piares básicos da cidadanía, entendida como valor democrático, como



valor universal e como acceso eficaz aos dereitos de exercicio efectivo dos deberes legais de cada quen. Daquela, aparece como a pedra de arco de todo o edificio do voluntariado, sempre que non tente converterse na única pedra existente.

As xornadas principiaron o mércores, 12 de xuño, co relatorio «O voluntariado no sistema educativo universitario» da autoría de **Carmen Cimadevila Cea**, directora xeral de Universidades. Esta relatora salientou que actualmente as tres universidades que forman o Sistema Universitario de Galicia (SUG), Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, contan con estruturas de apoio aos universitarios que queren desenvolver colaboracións nas actividades do voluntariado.

A Universidade de Santiago creou a Oficina do Voluntariado dependendo do Vicerreitorado de Estudantes. A da Coruña creou dúas oficinas de Acción Solidaria, dependentes do Servizo de Extensión Universitaria, que á súa vez depende do Vicerreitorado de Estudantes, emprazadas unha no campus da Coruña e a outra no de Ferrol. A Universidade de Vigo, pola súa banda, creou a Área de Voluntariado e Participación dependente do Vicerreitorado de Extensión Universitaria. Estes servizos de apoio, información e xestión permiten fomentar a solidariedade e o voluntariado entre todos os membros da comunidade universitaria, especialmente, entre os estudantes a través de dous mecanismos:

1º. Creando programas propios para o seu desenvolvemento dentro da comunidade universitaria e como apoio aos servizos xa existentes, por exemplo, os programas de integración de universitarios con necesidades especiais, o apoio a estudantes estranxeiros e de nova incorporación, as campañas de promoción da acción solidaria, etc.

2º. Apoiando os programas desenvolvidos por outras entidades sen ánimo de lucro e que non ocupan postos de traballo nos diferentes ámbitos recoñecidos pola Lei galega do voluntariado: a infancia, a familia, a terceira idade, os marxinados, o medio natural, a cultura, etc.

Todos os voluntarios que colaboran no ámbito do Sistema Universitario de Galicia reciben unha formación básica sobre os seus dereitos, os seus deberes, as características das súas actividades, o tempo de dedicación, as motivacións, etc., e outra específica, que os capacita para colaborar no sector elixido (as persoas con necesidades especiais, a terceira idade, os menores en situacións de risco, o medio natural, etc.).

Ademais de colaborar e de formar para a acción voluntaria, as universidades tamén rexistran, acreditan, aseguran, cobren os gastos das súas actividades e certifican a súa colaboración como voluntarios a todos os universitarios que queren poñer en práctica a cultura da solidariedade.

Como dato cómpre salientar que no curso 2000/2001, no conxunto do sistema universitario galego, ofertadas polas universidades, se cubri-

ron 613 prazas de voluntariado. No curso 2001/2002 esta cifra ascendeu a 764 prazas de voluntariado.

A Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria é consciente da necesidade de fomentar os valores solidarios entre os mozos universitarios que serán as sementes da sociedade do futuro. Partindo da consideración de que as universidades teñen un importante papel que xogar non só na formación de bos técnicos, profesionais, científicos e investigadores, senón tamén de cidadáns activos e de persoas responsables e solidarias no seu contexto social e na vertebración da comunidade, a Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Universidades, está a apoiar unha liña de accións encamiñadas a fomentar a cultura da solidariedade, a promover a formación do voluntariado e a acadar o reto da calidade na promoción, na organización e na xestión dos programas con voluntarios no ámbito do Sistema Universitario de Galicia.

Na actualidade, continuando nesta liña de apoio e promoción do voluntariado no Sistema Universitario de Galicia, a Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección xeral de Universidades, colabora cun programa sectorial do Plan de voluntariado de Galicia 2002-2005 da Consellaría de Asuntos Sociais.

Ademais da colaboración no Plan de voluntariado de Galicia, en virtude dun novo convenio asinado coas tres universidades galegas, baixo a coordinación da Dirección Xeral de Universidades, estanse a desenvolver novas iniciativas co obxecto de:

Realizar un proxecto de voluntariado de atención e axuda a estudantes universitarios en risco de exclusión da respectiva comunidade universitaria, ou con especiais dificultades de integración no seo desta, a executar no ámbito territorial do Sistema Universitario de Galicia, co obxecto de fomentar e apoiar a axeitada integración destes.

Recoller e divulgar as experiencias da boa práctica na promoción, na organización e na xestión do voluntariado universitario co gallo de elaborar un protocolo de actuación para mellorar a acción solidaria, adaptable tanto ao ámbito universitario coma a calquera entidade de voluntariado que o desexe.

Elaborar un plan de calidade no ámbito do voluntariado universitario galego.

O obxectivo fundamental é o de fomentar a cultura da solidariedade e consolidar a calidade na promoción, organización e xestión dos programas con voluntarios universitarios, respectando o principio de autonomía universitaria, a través dun plan de calidade do voluntariado no ámbito do Sistema Universitario de Galicia.

Os obxectivos específicos son: dar a coñecer e apoiar o recoñecemento social do voluntariado do Sistema Universitario de Galicia; potenciar a intercomunicación e a interrelación entre as oficinas do voluntariado das



universidades galegas e coordinar as actuacións conxuntas nun espazo solidario único; apoiar o desenvolvemento de ofertas formativas encamiñadas a mellorar a calidade da acción voluntaria no ámbito da comunidade universitaria galega; impulsar e coordinar iniciativas, programas e proxectos do voluntariado social novidosos no Sistema Universitario de Galicia que axuden á integración no ámbito universitario aos colectivos e ás persoas con dificultades de integración, en risco de exclusión ou con necesidades especiais; así como elaborar un protocolo de actuación e un plan de calidade no ámbito do voluntariado universitario, adaptable a calquera entidade do voluntariado.

Para rematar a súa intervención esta relatora concluíu que o programa de apoio ao voluntariado no ámbito do Sistema Universitario de Galicia da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria, desenvolvido a través da Dirección Xeral de Universidades, se orienta a mellorar os fins da acción solidaria no conxunto do Sistema Universitario Galego, potenciando a cultura da xestión da calidade; coordinando propostas novidosas; establecendo directrices e protocolos de actuación; deseñando indicadores de calidade; impulsando a elaboración e a aplicación de instrumentos de avaliación e recollendo propostas de mellora.

Así mesmo, destacou que este programa xa deu os seus primeiros froitos, pero que debe ter continuidade para que desde as propias universidades se consolide a calidade na promoción, na formación, na organización e na xestión da acción voluntaria e na integración dos sectores máis desfavorecidos dentro da comunidade universitaria.

Acto seguido, **Juana María Otero Suárez**, subdirectora xeral de Ordenación Educativa, tratou o tema do «Voluntariado no sistema educativo non universitario», e salientou que a Consellaría de Ordenación Universitaria, no seu desexo de colaborar coa Consellaría de Asuntos Sociais no desenvolvemento do I Plan galego de voluntariado 2002-2005, elaborou o seu propio «programa sectorial de desenvolvemento de accións de voluntariado nos centros de ensinanza non universitaria de Galicia».

Actualmente, para o desenvolvemento de programas de voluntariado pártese dos 522 centros de ensinanza non universitaria que voluntariamente solicitaron a autorización para o desenvolvemento dun programa educativo a través de colaboradores sociais.

Estes centros están autorizados para darlles continuidade aos programas que viñan desenvolvendo con colaboradores sociais do programa de prestación social substitutoria e que agora poden continuarse con persoal de entidades do voluntariado, segundo as disposicións establecidas na Lei 3/2000, do voluntariado de Galicia, en tanto non se establezan disposicións específicas da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria. Estes centros xa están incluídos na guía de programas de voluntariado nas entidades de Galicia, xunto coas ofertas doutras institucións.



A planificación das accións do plan sectorial están a xirar arredor de tres obxectivos:

1º. Sensibilización: converxer esforzos para crear unha sociedade máis xusta e igualitaria, axudando aos menos favorecidos nos ámbitos educativos, familiares ou sociais.

2º. Participación: crear vías de axuda solidaria entre a xente nova e os profesionais, a través do respecto á diversidade persoal, á social ou á cultural, a través do coñecemento, do diálogo, do intercambio cultural ou de calquera outra fórmula que contribúa a mellorar a convivencia e a aprendizaxe cos que o necesitan por sufrir desigualdades sociais, tanto no centro escolar coma na sociedade na que viven.

3º. Coordinación: promover o desenvolvemento do plan entre a comunidade educativa recoñecendo o valor das accións de voluntariado, achegando á realidade a dimensión de igualdade e de diversidade humana.

Os programas de voluntariado, aos que se lles dará preferencia para o seu desenvolvemento, serán os que desenvolvan accións que afectan ás persoas necesitadas de axuda e colaboración sen que isto supoña limitacións a novas propostas de manifesto interese que contribúan a proporcionar melloras nas atencións educativas, persoais, familiares ou sociais das persoas relacionadas cos centros educativos de ensinanza non universitaria.

Preferentemente, as necesidades obxecto de programas de voluntariado serán: o apoio ao alumnado con necesidades educativas especiais; o apoio ao alumnado de educación infantil; o apoio nas actividades extraescolares e de lecer e tempo libre; a colaboración no desenvolvemento dos servizos complementarios de transporte e de comedor escolar; a colaboración coas familias, con apoio nas tarefas escolares fóra do horario escolar e tamén a colaboración coas familias do alumnado que estean en situacións sociais ou culturais desfavorecidas.

Esta relatora amosou os datos dunha sondaxe de opinión da que se quitaron os seguintes resultados:

A maioría dos cuestionarios foron respondidos por mozos de idades entre 15 e 17 anos, escolarizados en institutos de educación secundaria, que cursan ensinanzas de ESO, bacharelato e ensinanzas de formación profesional.

Entre o alumnado dos IES, o 46,80% amósase interesado en ser voluntario, fronte ao 47,80% que manifesta desinterese polo tema, xunto cun 5,85% que non responde.

En canto ao nivel de participación en programas de voluntariado, só participa un 15,42%, fronte a un 81,38% que non participa e un 3,19% que non respondeu a esta cuestión.

As áreas de interese para participar como voluntario son, en orde de preferencia, a humanitaria (18,08%), a social (14,89%), a cultural (10,63%), a ecolóxica (9,04%) e outras (10,63%), aínda que o 36,70% non contesta. A preferencia en canto ao horario son as tardes (17,02%).

Do alumnado consultado só un 4,78% manifestou que participa actualmente en programas de voluntariado, fronte ao 84,04% que non participa e ao 11,17% que non contesta. As actividades que realizan consisten en monitor de deportes, colaboracións na parroquia, reciclaxe urbana, protección civil e outras. Estes mozos adoitan dedicar a estas actividades entre dúas a tres horas á semana e tamén no tempo libre dos sábados, nas fins de semana, no verán, etc. En canto ás razóns que dan para ser voluntarios manifestan razóns de responsabilidade, por solidariedade, por probar ou por gusto. A maioría sinala que a súa participación nas accións voluntarias é emocionante porque lles resulta interesante e gratificante e desexan seguir participando como voluntarios. Como problemas que interfieren no desenvolvemento das accións de voluntariado sinalan os factores económicos e de persoal, a falta de tempo e da información da xente.

Para rematar, esta relatora sinalou que ata o momento, no ámbito dos centros de ensinanza non universitaria non se desenvolveron programas complementarios ao labor dos centros educativos con persoal procedente de asociacións de voluntariado. Agora inténtase sensibilizar e promover a participación no desenvolvemento de accións voluntarias no ámbito da comunidade educativa, a través do desenvolvemento de programas propostos polos propios centros, co obxecto de mellorar a calidade das atencións educativas e sociais das persoas da comunidade educativa que o necesiten.

A Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional, co obxecto de coordinar o desenvolvemento de programas de voluntariado, está a regular o voluntariado no ámbito dos centros de ensinanza non universitaria para darlles a coñecer aos centros que o desexen as vías de participación, de organización e de funcionamento que se require para o desenvolvemento de programas específicos de voluntariado. Deste xeito, convídase á comunidade educativa de Galicia a participar no desenvolvemento de accións de solidariedade para sumar esforzos e así mellorar a calidade de vida das persoas que viven situacións persoais ou sociais desfavorecidas no contorno dos centros de ensinanza.

A continuación, **Felicitas Rodríguez González**, xefa do Servizo Galego de Voluntariado da Consellaría de Asuntos Sociais, tratou o tema do «Rexistro de entidades de voluntariado en Galicia», e salientou que a Lei 3/2000, do 22 de decembro, do voluntariado de Galicia, regula o rexistro de entidades de acción voluntaria no seu artigo 28. Tras a modificación



desta lei pola Lei 3/2002, do 29 de abril, de medidas de réxime fiscal e administrativo, o rexistro está adscrito á Consellaría de Asuntos Sociais e xestionado polo Servizo Galego de Voluntariado.

A organización e procedemento de acceso ao rexistro determinouse polo regulamento aprobado polo Decreto 405/2001, do 29 de novembro (DOG, do 2 de xaneiro de 2002). A inscrición neste rexistro é requisito preceptivo para inscribir os programas no Plan de voluntariado de Galicia e acceder aos fondos públicos. Así mesmo, cumpre a finalidade de todos os rexistros públicos que é a de publicidade das entidades e o acceso ás distintas fontes de información das administracións públicas. O procedemento de inscrición establécese no artigo 5 do Decreto 405/2001.

As entidades rexistradas deben cumprir os requisitos legais establecidos no capítulo II da Lei 3/2000, do voluntariado de Galicia e especificados no artigo 8 e seguintes. Ademais, os conflitos que poidan xurdir entre as entidades de acción voluntaria e as persoas voluntarias poderán, antes de acudir á orde xurisdiccional que corresponda, ser sometidos á Comisión de arbitraje do voluntariado á que se refire o artigo 27 da Lei.

A derradeira intervención nestas xornadas protagonizouna **Isabel Couceiro Núñez**, responsable dos programas de acción social e participación da Obra Social de Caixa Galicia, que se referiu no seu relatorio *á web do voluntariado* e salientou que, agora mesmo, hai moitas experiencias na Internet que nos amosan que esta está a ser unha canle que as organizacións do voluntariado e as organizacións non lucrativas están utilizando como unha ferramenta máis que nos permite acceder á información, compartir experiencias, captar recursos, etc. No portal *Hacesfalta.org* pónense en contacto ao ano milleiros de voluntarios con organizacións de acción voluntaria. Outro portal de voluntariado ao que fixo referencia esta relatora é *Voluntariado.net*, que contén, sobre todo, información, pero non ten a funcionalidade de poñer en contacto ás persoas coas organizacións. Estes portais, entre outros moitos que existen sobre o voluntariado, están promovidos por institucións moi diversas, como é o caso da Fundación Chandra, que ten un portal de noticias de ámbito social, unha canle solidaria, a anteriormente citada, *Hacesfalta.org* e a Fundación Telefónica que xunto a varias asociacións de voluntariado puxeron en funcionamento o portal *Voluntariado.net*. Dentro do ámbito estatal destaca un portal moi completo que puxo en marcha a Generalitat de Cataluña a través do servizo catalán de voluntariado. En Galicia temos varias experiencias, unha delas púxoas en marcha o concello de Vigo. O concello da Coruña tamén quere facer unha aposta por Internet como vehículo de comunicación complementario para relacionarse e apoiar o labor das organizacións non lucrativas.

Desde o punto de vista desta relatora, as posibilidades que lle ofrece a Internet ás organizacións pódense clasificar en distintos niveis, deste

xeito poderíamos falar dun primeiro nivel que é ao que a maior parte das organizacións poden acceder, un nivel no que estas poden poñer información de carácter estable e que non require moita actualización. Isto implica que non require tampouco moitos medios para modificala, que nos permite ter unha presenza na Internet de xeito que a xente poida coñecer os obxectivos da organización, pero que non permite moita interacción coas persoas que acceden a esta información. Hai un segundo nivel que supón un salto á interacción, as organizacións máis grandes son as que se situarían aquí, xa que conteñen información que se actualiza continuamente, o que supón ter unha persoa responsable diso e, ao mesmo tempo, teñen tamén ferramentas como, por exemplo, campañas, como é o caso de Amnistía Internacional que a través da Internet conseguiu mobilizar a xente en contra das lapidacións. A través destes medios algunhas organizacións captan donativos, profesionais, etc., porque a actualización da información permite que a xente saiba exactamente cales son as actividades que están a desenvolver e decidir se queren facer unha achega ou se prefiren mandar a súa candidatura para participar como voluntario ou doutro xeito. Isto require un traballo e uns recursos tecnolóxicos para poñelo en marcha e para mantelo actualizado. Por último, o terceiro nivel serían redes, non páxinas nin espazos web individuais, senón redes coa intención de facer comunidade entre organizacións do mesmo sector para compartir información, xestión e incluso formación en liña.

Logo de examinar as distintas experiencias que existen na Internet, chégase á conclusión de que en Galicia podería ser interesante poñer en marcha un portal que, dalgún xeito, complementara ou servira de apoio ao labor que as organizacións de voluntariado están a desenvolver, é dicir, un portal que contribuíra dalgún xeito a difundir o seu labor pero que puxera tamén ferramentas que a través de Internet as puideran apoiar no seu quefacer diario.

Caixa Galicia decidiu poñer isto en práctica a raíz da aprobación do Plan estratéxico da obra social, que na súa misión xa establece que un dos obxectivos é contribuír á transformación da sociedade facéndolles fronte aos novos retos do futuro entre os que menciona, á parte do envellecemento da poboación, a sociedade da información, tamén o fomento da solidariedade, do voluntariado, da participación social e da igualdade de oportunidades. Desta declaración de intencións nace o programa social que presentaron en febreiro e que contén varias liñas de acción, por unha parte, a investigación sobre o terceiro sector, a formación e a cooperación coas organizacións e, por outro lado, un apartado de novas tecnoloxías.

Os obxectivos do portal de *Socialia* é crear unha comunidade virtual, e a Internet ofrece esta posibilidade de recoller todas as actividades e servizos que ofrecen as organizacións de voluntariado que existen hoxe en Galicia. É a difusión conxunta do que é o terceiro sector hoxe en Galicia.



O portal incorpora varias liñas de apoio ás organizacións non lucrativas; en primeiro lugar, hai unha serie de elementos de apoio á xestión interna das organizacións, por exemplo, a información práctica sobre temas legais para constituír unha asociación, unha fundación sobre os rexistros, etc. Podemos atopar modelos para a constitución destas asociacións. Tamén podemos atopar información sobre exencións fiscais e os beneficios dos doantes que fan achegas económicas ás entidades. Tamén hai información sobre a normativa que se refire ao voluntariado, etc. No ámbito da xestión interna hai un apartado moi importante que é un servizo de asesoría en liña que é máis ben unha consulta orientativa sobre temas legais, fiscais, etc. No ámbito dos recursos humanos atópase información para a inscrición no rexistro, etc. Hai tamén enlaces de interese con outras páxinas e recóllense tamén apartados referidos ao financiamento coas subvencións, etc. Ata o de agora hai unhas 85 entidades socias deste portal.

As xornadas foron clausuradas polo director da EGAP, Domingo Bello Janeiro quen agradeceu a colaboración de todos os que fixeron posible a realización destas. 